
Europa plurilingüe

— Ampliación das páxinas 68-69 —

1. Introducción: O valor das linguas
2. Linguas minoritarias vs. maioritarias
3. Linguas minorizadas vs. dominantes

1. Introducción: O valor das linguas

- Todas as linguas teñen o mesmo valor e serven para o mesmo: comunicarnos.
- Non existen linguas mellores nin peores, só son diferentes:
 - Hai linguas que teñen escrita e outras non.
 - Hai linguas que podemos aprender na escola e outras non.
 - Hai linguas empregadas por xente “famosa” e outras non.
 - ...

Todas as linguas son iguais; non obstante, hai circunstancias que provocan que unhas teñan máis falantes ca outras e, tamén, que unhas poucas concentren poder social, mentres outras quedan afastadas dos ámbitos de poder e de prestixio.

- En función do seu número de falantes, diferenciamos:
 - LINGUAS MINORITARIAS
 - LINGUAS MAIORITARIAS
- En función do seu papel na sociedade, distinguimos:
 - LINGUAS MINORIZADAS
 - LINGUAS DOMINANTES

2. Linguas minoritarias vs. linguas maioritarias

CRITERIO CUANTITATIVO:
nº/cantidad de falantes

LINGUA MINORITARIA

*- falantes ca outra lingua
no mesmo territorio*

LINGUA MAIORITARIA

*+ falantes ca outras linguas
no mesmo territorio*



conceptos relativos

Unha lingua pode ser minoritaria nun lugar,
pero maioritaria noutro, por exemplo:

O francés en Canadá

vs.

O francés en Francia

3. Linguas minorizadas vs. dominantes


CRITERIO CUALITATIVO:
percepción sobre ela, estatus

*Afastada dos ámbitos de prestixio,
marxinada, desprazada*

LINGUA MINORIZADA

*Predominante nos ámbitos de
prestixio; imponse*

LINGUA DOMINANTE



conceptos relativos

Unha lingua pode ser minorizada nun lugar,
pero dominante noutro, por exemplo:

O castelán nos EUA

vs.

O castelán en España

• A percepción dos falantes

Falante dunha lingua minorizada

- Falta de autoestima.
- Considerar que a súa lingua é menos importante cás outras.
- Pensar que se ha de ocultar a propia lingua para non sentirse inferior polo feito de usala.
- Crer que usar a propia lingua é pouco culto.
- Desconfiar da propia lingua como vehículo de intercomunicación.
- Avergoñarse de usar a propia lingua.
- Ocultar a propia identidade lingüística.
- Negarse a si mesmo como membro dunha comunidade lingüística minorizada.

Falante dunha lingua dominante

- Considerar a propia lingua máis importante cás outras.
- Considerar a propia lingua como máis necesaria cás outras.
- Pensar que falar a súa lingua fai á persoa máis culta.
- Crer que existe unha superioridade cultural por parte da propia comunidade lingüística.
- Considerar o propio dereito a prescindir do resto das linguas.
- Tender a desentenderse das manifestacións culturais das linguas distintas á súa.

· Unha consecuencia → OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

· Os **prexuízos** son ideas preconcebidas, sobre persoas, isto é, pensamentos subxectivos sen fundamento real. Ademais, son sempre xeneralizacións que simplifican a realidade: *Todos os italianos son uns ligóns, polo tanto Paolo, que é italiano, é un ligón.*

· Os **prexuízos lingüísticos** son xuízos de valor sobre os falantes dunha lingua pola súa forma de falar (o mal chamado *acento*) ou pola propia lingua que falan; tamén poden ser xuízos de valor sobre a lingua, por exemplo: *O alemán é unha lingua bruta* ou *O francés é unha lingua melosa.*

· Todos **os prexuízos son mentira:**

- Todas as linguas son adecuadas para a publicidade.
- Todas as linguas son adecuadas para a música.
- Todas as linguas son adecuadas para pensar e investigar.
- TODAS AS LINGUAS SERVEN PARA COMUNICARNOS.
- TODAS AS LINGUAS SON IGUAL DE VÁLIDAS.

Reflexión final



Falante dunha lingua dominante

- Considerar a propia lingua máis importante cás outras.
- Considerar a propia lingua como máis necesaria cás outras.
- Pensar que falar a súa lingua fai á persoa máis culta.
- Crer que existe unha superioridade cultural por parte da propia comunidade lingüística.
- Considerar o propio dereito a prescindir do resto das linguas.
- Tender a desentenderse das manifestacións culturais das linguas distintas á súa.

Despois de observar o mapa da páxina 69 e de volver ler a percepción que teñen sobre as linguas os falantes dunha lingua dominante, pensa detidamente e responde sinceramente:

Cres que ten algunha lóxica ou sustento racional esa percepción?